

Campaña de Emerxencia

## **EROSKI ACTIVA UNHA CAMPAÑA DE AXUDA Á POBOACIÓN AFECTADA POLA CRISE EN UCRAÍNA**

- Apela á solidariedade dos seus clientes a través dunha doazón voluntaria ao seu paso pola liña de caixas para axudar a cubrir as necesidades básicas da poboación afectada que precisa axuda urxente
- O total do doado por EROSKI e mais os seus clientes para os nenos, nenas e familias afectadas canalizarase a través de UNICEF
- EROSKI complementará a recadación das doazóns dos seus clientes cunha achega adicional

Elorrio, 1 de marzo do 2022.- [EROSKI](#) pon en marcha dende hoxe, 1 de marzo, en toda a súa rede de tendas, unha campaña de emerxencia de axuda humanitaria para as persoas damnificadas pola crise en Ucraína. En todos os seus establecementos os clientes poderán realizar un donativo voluntario ao pasaren pola liña de caixas.

O total do doado por EROSKI e os seus clientes canalizarase cara á poboación afectada a través do Fondo de Nacións Unidas para a Infancia, [UNICEF](#), que atende en Ucraína a nenos, nenas e as súas familias dende o estoupido das hostilidades ao leste do país, nas rexións de Donetsk e Lugansk, no 2014. Actualmente, a vida e o benestar duns 7,5 millóns de nenos e nenas está en risco e as necesidades escalaron e multiplicáronse, e afectan xa a todo o país. A ONU estima unha cifra de persoas refuxiadas que alcanza os 5 millóns.

UNICEF, xunta o resto de organizacións humanitarias internacionais, e en coordinación coas autoridades do país, está a traballar de maneira urxente para ampliar os programas de axuda humanitaria ao longo de toda Ucraína e países de acollida. Isto inclúe a distribución de auga potable e o establecemento de reservas de subministracións sanitarias, hixiénicas e educativas esenciais, amais da provisión de asistencia psicosocial á infancia e as súas familias.

*"A necesidade de axuda de emerxencia derivada da crise en Ucraína instanos a non ollar cara a outro lado e a ofrecerlles aos nosos clientes a posibilidade de canalizaren a súa axuda de xeito urxente. A doazón efectúase ao pasaren por caixa e polo importe que os consumidores estimen. Accións coma esta campaña son moi importantes para chegar a*

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

**Sala de prensa online**

*onde máis cómpre, e o máis axiña posible. Estamos seguros de que, unha vez máis, os consumidores responderán comprometidamente ante este chamamento",* declarou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

*"Agradecemos novamente o apoio inmediato que nos brinda EROSKI para poder chegar aos nenos e nenas máis vulnerables con servizos e produtos esenciais de emerxencia. Dende UNICEF seguimos a pedir un alto ao fogo e a avogar pola obriga de todas as partes de lle brindar protección a cada neno e nena".* Declaracións de Marta López Fesser, Responsable de Alianzas Corporativas de UNICEF Comité Español.

Ao recadado nas súas tendas grazas ás doazóns dos clientes, EROSKI sumará unha achega adicional, que se sumará aos 7 millóns de euros que o grupo destina anualmente a contribuír a causas solidarias.

EROSKI e Fundación EROSKI, xunto aos seus clientes, realizaron doazóns superiores ao medio millón de euros durante as últimas campañas solidarias activadas para axudar a damnificados por desastres naturais e noutras causas humanitarias en destinos como Haití (2010 e 2016), Lorca-Murcia (2011), Filipinas (2013), Nepal (2015), Siria (2015), Mallorca (2018), La Palma (2020) e, nesta ocasión, na crise en Ucraína.

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

**Sala de prensa online**